


3<sup>o</sup>

CICLO DE PRIMARIA

# Un berro pola PAZ

Isabel Planas  
Maru Escobedo  
Raúl Jiménez





3º

CICLO DE PRIMARIA



Un berro  
pola paz



Intermón  
Oxfam

Dirección colección: Eva Quintana

Traducción: Luísa Diéguez

Coordinación autoría: Raquel León

Coordinación producción: Elisa Sarsanedas

Fotografías: Gervasio Sánchez, Fondo documental INTERMÓN OXFAM

Diseño cuberta: Javier Valmaseda

Interiores: Lluís Torres

As actividades deste caderno foron elaboradas polo alumnado da materia de Conflictos do mundo actual, impartida na Facultade de Formación do profesorado da UB (Universitat de Barcelona). Foron dirixidas por Anna Bastida, doutora en Historia Contemporánea e profesora de Didáctica das Ciencias Sociais.

1ª edición: xullo 2001

© Autoría: Isabel Planas, Maru Escobedo, Raül Jiménez

© Ilustracións: Àngel Sauret, Joana Demestre

© INTERMÓN OXFAM

Roger de Llúria, 15. 08010 Barcelona

Tel 93 482 07 00. Fax 93 482 07 07. E-mail: [intermon@intermon.org](mailto:intermon@intermon.org)

ISBN: 84-8452-078-1

Depósito legal: B. 33.680-2001

Impresión: Hurope s.l.

Impreso en España

Entidade colaboradora: Xunta de Galicia

Queda rigorosamente prohibida, sen a autorización escrita dos titulares do "copyright", a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento.

Impreso en papel exento de cloro.

# ÍNDICE

- 1 PISTA DE SAÍDA
- 2 GUERRA DE VASOS
- 3 ¿QUE COMPRARÍAS CO QUE VALE UNHA ARMA?
- 4 O QUE MATA É UN CORAZÓN ENDURECIDO
- 5 CORES
- 6 ¡SOMOS XORNALISTAS!
- 7 O PARTIDO DO SÁBADO
- 8 SOFÍA ALFACE
- 9 COÑEZAMOS MOZAMBIQUE
- 10 HISTORIA DE DÚAS CABRAS
- 11 CAMBIEMOS ARMAS POR FUTURO
- 12 ¿QUEN DESMINARÁ MOZAMBIQUE?
- 13 A HORTA DE DON BIEITO
- 14 ¿QUE APRENDEMOS?



Escribe



Banco de  
imaxes



Pinta



Pensa



Libro  
xigante


# 1

## PISTA DE SAÍDA

¡Ola! Chámome Sofía e vivo en Mozambique, un país africano. Cando sexa maior serei modista, encántame coser e facer vestidos, pero mentres, teño que ir á escola para prepararme. Hoxe fixéronme a seguinte proba. A ver que responderías ti.



Marca cun X a resposta que che pareza correcta.



¿Que é a paz?	<input type="checkbox"/> Un premio chamado Nobel	<input type="checkbox"/> É o nome da miña amiga	<input type="checkbox"/> Harmonía consigo mesmo e cos outros, concordia
¿Que é a guerra?	<input type="checkbox"/> A mellor forma de solución-los problemas	<input type="checkbox"/> Loita armada entre dúas nacións, partidos	<input type="checkbox"/> Situación inevitable
¿Que é un conflito?	<input type="checkbox"/> É un tipo de froita confeitada moi doce	<input type="checkbox"/> Estamos en desacordo pero podémolo solucionar de moitas maneiras	<input type="checkbox"/> Outra forma de dicir guerra
¿Son as armas as responsables da guerra?	<input type="checkbox"/> Si, se non existisen non habería guerra	<input type="checkbox"/> Non, son as persoas	<input type="checkbox"/> Ás veces son as armas, pero outras veces non
O prezo dun avión de guerra pode ser...	<input type="checkbox"/> Uns 350 euros	<input type="checkbox"/> Uns 35.000 euros	<input type="checkbox"/> Uns 23.529.000 euros
Unha mina antipersoas vale...	<input type="checkbox"/> 1,5 euros	<input type="checkbox"/> Uns 15 euros	<input type="checkbox"/> Uns 159 euros
¿Que conflitos ou guerras actuais coñeces?			
¿Coñeces o conflito de Mozambique?	<input type="checkbox"/> Si, coñezoo	<input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Sóame moito
En Mozambique loitase por...	<input type="checkbox"/> Consegui-lo monopolio do petróleo	<input type="checkbox"/> Reorganiza-lo país, xa que sufriu unha cruenta guerra civil	<input type="checkbox"/> Queren ser independentes de Europa
Tamén sofren...	<input type="checkbox"/> Problemas de asolagamentos	<input type="checkbox"/> Moita contaminación debido ás fábricas e coches	<input type="checkbox"/> Perigo debido ós volcáns

# 2

## GUERRA DE VASOS

En grupos debes construí-la torre máis alta con vasos da mesma cor. ¡Pero atención! ¡Seguide as indicacións que vos dean!



¿Que resultados se obtiveron?

¿Foi positivo o resultado? ¿Por que?

¿Cal era o obxectivo do teu grupo?




¿Que relación tivo o obxectivo de cada grupo co seu xeito de resolve-lo conflito?

¿Podedes relacionar este xogo con algunha situación que se dá no mundo que nos rodea?


3

## ¿QUE COMPRARIAS CO QUE VALE UNHA ARMA?


¿Que poderías comprar co que valen estas armas?  
Se atopas algunha fotografía,  
podes pegala no mesmo recadro.



Mina Antipersoa  
Prezo: 1,5 euros



Avión F-5  
Prezo: 34.918.000 euros



Kalashnikov  
Prezo: 210 euros




¿Que comprarías ti?






Tes que resolver 3 problemas que tratan diferentes datos relacionados coas guerras, as armas lixeiras e os combatentes.


1. A República do Iemen é o país que ten máis armas por habitante. Se ten 50 millóns de armas e unha poboación de 16 millóns de persoas, ¿Cantas armas lle corresponden a cada habitante? Pola súa parte, España dispón de 3 millóns de armas e ten unha poboación de 40 millóns de habitantes. ¿Cantas armas lle corresponden a cada habitante?



2. Actualmente existen 300.000 nenos e nenas combatentes en todo o mundo. Se un campo de fútbol ten unha capacidade de 98.000 espectadores, ¿Cantos campos de fútbol encherían estes nenos combatentes? Preguntade cantos alumnos ten a escola e calcula cantas escolas como a túa ocuparían estes nenos combatentes.



3. Se un coche da marca Ferrari vale 150.250 euros e España gaña 86.111.000 euros cada ano gracias á exportación de armas, ¿Cantos Ferraris podería comprar España?




# 4

## O QUE MATA É UN CORAZÓN ENDURECIDO

Na escola lémo-lo libro *Full metal jacket* e houbo unha frase que me sorprendeu moito. É a seguinte:

“ O sarxento quere que entendades que debes controla-lo voso instinto asasino se queredes sobrevivir nun combate. O noso fusil é só unha ferramenta, o que mata é un corazón endurecido.”

*Gustav Hasford, Full metal jacket*



A partir deste fragmento do libro **Full metal jacket**, fai un debuxo que o illustre e despois explica o que significa para ti.



.....

---

---

---

# 5

# CORES



No mundo hai moitísimas guerras e conflitos moi importantes. Observade o mapa da colección de imaxes e coa axuda dun atlas enchede o seguinte cadro:

Países en guerra e/ou conflitos	Países que están en fase de negociacións



¿Sabiades que existen tantos conflictos e guerras no noso mundo?

¿Sorpredeuvos sabelo? ¿Por que?

---

---

---

---

---

---

# 6

# ¡SOMOS XORNALISTAS!

¿Queredes ser xornalistas por uns días? A tarefa dun xornalista é moi complicada, e consiste en buscar e recoller moita información sobre feitos que suceden arredor de nós. Buscade unha noticia sobre algún conflito armado: xornais, revistas, na televisión, na radio. Enchede o seguinte cadro coa información que atopedes; aquí tedes un exemplo.



10 de decembro do 2000. *La Vanguardia*

	EXEMPLO	COMPLETA
Nome da radio, da TV ou do xornal...	<i>La Vanguardia</i>	
Lugar do conflito ou guerra	Angola	
Título da noticia	Guerra de diamantes	
¿Fala de paz, de melloras?	Non	
Data da noticia	10/12/2001	
Noticia (idea principal)	Angola é rico en petróleo e diamantes. Trala guerra, viven en campos de refuxiados. Sofren necesidades.	

# 7

## O PARTIDO DO SÁBADO

¿Que fariades na situación seguinte?

Os sábados pola tarde un grupo de rapaces e rapazas da vosa clase xoga ó fútbol na liga mixta da vosa comarca. Normalmente, toda a clase ides velos xogar. Este sábado xogades contra o equipo que vai primeiro na clasificación e nunca tivestes moi boa relación con este equipo. Xogades en campo contrario. Acaba o partido e o voso equipo perdeu. Fóra do campo de fútbol atopádesvos cun grupo de seguidores do outro equipo, e estes dinvos: "O voso equipo merecía perder, ¡é o peor equipo de toda a liga!" Vós...



Continuade a situación.


---

---

---

---

---



¿Cal é a mellor vía para solucionar los conflictos que habitualmente vivimos?



# 8

# SOFÍA ALFACE



Describe a vida cotiá de Sofía. Despois describe a túa. ¿En que se parecen a túa vida e a dela?

---

---

---

---

---

Sofía Alface,

de 14 anos, pecha os ollos e lanza unha das súas pernas cara a adiante. Está aprendendo a andar de novo, por segunda vez. Apóiase en dúas próteses ortopédicas e metálicas. Unha mina fixo anacos as súas dúas pernas en febreiro de 1993 mentres ía buscar leña preto da súa casa. Tiña 10 anos. A súa irmá María, de 8 anos morreu no mesmo accidente.

Sofía vive cos seus pais e os seus cinco irmáns en Boane, a uns 40 quilómetros de Maputo, a capital de Mozambique. Son unha familia campesiña, cultivan unha pequena parcela. Cada día asiste á escola comunal. Sofía converteuse nunha moi boa modista. A máquina de coser preside a súa pequena pero ordenada habitación. Despois de face-los deberes da escola, ela pasa o día cosendo os seus propios vestidos e os dos seus irmáns. Coa súa irmá maior, Aniña, mantén unha relación especial. Sofía, cando sexa maior, quere instalarse pola súa conta e ser unha modista profesional. Tamén desexa que moi pronto Mozambique poida eliminar as minas que se encontran nas súas terras e que todo o mundo poida camiñar por elas con tranquilidade.

Fonte: *Vidas Minadas*, Gervasio Sánchez



¿Por que cres que Sofía di que aprende a andar de novo?

---

---

---

---

---

# 9

# COÑEZAMOS MOZAMBIQUE



¿En que continente se encontra Mozambique?

¿Que recursos naturais ten Mozambique?

---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---



---

Mozambique é un país moi grande que se encontra no sueste de África. Na estación seca vai calor e na estación húmida chove, sobre todo no interior. Mozambique é un país por onde cruzan vintecinco ríos, o maior de todos é o río Zambezi. ¡Nestes ríos hai crocodilos! O monte Binga é a montaña máis alta con 2.436 metros de altitude. Mozambique ten unha costa moi longa. Os portos máis importantes son os de Beira e Maputo.

Hai moitas especies de animais e de plantas en Mozambique: elefantes, rinocerontes, crocodilos, cobras, hipopótamos e grande variedade de paxaros e de monos. Tamén hai moitas árbores froiteiras: mangos, bananas, papaias, ananás, chirimoias e cocos. Mozambique tamén é un país moi rico en recursos minerais: diamantes, ouro, ferro e petróleo agáchanse por tódolos lugares.





Superficie: 801.590 km<sup>2</sup>

Poboación: 17.300.000 habitantes

Esperanza de vida media ó nacer:  
46,3 años

Capital:

Maputo (931.999 habitantes en 1991)

Actividade económica máis importante:  
agricultura

Lingua oficial: portugués

Outras linguas: swahili, macoa-iomne

Países veciños:

Tanzania, Malauí, Zambia, Cimbabue,  
Sudáfrica e Suacilandia

Moeda: metical

Fonte: PNUD 98, The World Guide 97-98



¿Como se explica que un país tan rico en recursos naturais teña unha poboación tan pobre?

---

---

---

---

---

¿En que condicións se encontra a poboación de Mozambique?

---

---

---

---

---

*A pesar de ser un país moi rico en recursos, a súa xente non vive en boas condicións. Mozambique é un dos países máis pobres do mundo. A causa dunha guerra que durou quince anos, a súa produción é moi baixa. As industrias foron destruídas, igual cá agricultura, as estradas, os camiños e o ferrocarril; enterráronse miles de minas por todo o país. Pero non só foi a guerra a que deixou o país estragado. Os asolagamentos que sofre o país de vez en cando, e sobre todo os últimos, deixárono nunhas condicións nefastas e a poboación viuse obrigada a deixa-las súas casas, as súas aldeas (actualmente a maior parte en ruínas) para ir vivir en campos de refuxiados, ou para vivir nas rúas. Por outro lado, como a agricultura quedou moi afectada, a poboación sobrevive con moitas dificultades.*





*Mozambique podería mellorar moito a súa situación se a poboación puidese dispoñer do diñeiro que se obtén da venda de produtos como os diamantes, o ouro, o petróleo. O diñeiro que se consegue coa venda destes produtos non serve para mellora-las condicións de vida dos habitantes senón que hai xente que utiliza o diñeiro para comprar armas e, en cambio, non se destina diñeiro para desminar os territorios. As minas enterradas e tódalas armas que ten a poboación fan que a situación non mellore e que o clima de inseguridade e medo dos cidadáns aumente aínda máis. ¿Recordáde-lo que lle pasou a Sofía?*

De cada 1862 habitantes hai unha persoa con algún membro mutilado.

2 millóns de minas sementadas no seu territorio.

A maioría de vítimas son cidadáns e cidadás.

234.000 persoas refuxiadas.

De cada 100 nenos e nenas, só 35 poden ir á escola.

(Fonte: Médicos sen Fronteiras)




¿Cál é a situación actual da poboación de Mozambique?

¿Que proporías para solucionar-la situación que vive a poboación?

# 10

# HISTORIA DE DÚAS CABRAS




Joana Demestre



¿Poderías conta-la historia que aparece nela?

# CAMBIEMOS ARMAS POR FUTURO



Sofía: ¿Sabes que no meu país se está levando a cabo un proxecto para cambia-las armas por productos verdadeiramente útiles para nós?

Roberto: Sofía, ¿que significa isto?

Sofía: O meu país sofre enormemente debido ós graves efectos da guerra civil que vivimos durante 16 anos.

Home: Si, e que terminou co Acordo Xeral de Paz de Roma no 1992.

Roberto: ¿Terminou a guerra?

Sofía: Si. Pero aínda que empezou o proceso de paz, os exércitos do FRELIMO e a RENAMO desconfiaban e isto creou moitos problemas e moitas armas foron agachadas en lugares

secretos e pasos subterráneos. ¡Todo o mundo gardou unha arma na casa por se a guerra volvía comezar!

O Consello Cristián e INTERMÓN OXFAM propoñen o intercambio de armas por productos que sexan útiles e necesarios para que nós poidamos reconstruí-lo país.

Home: ¡Claro! Unha arma non é útil para subsistir, en cambio, iuna aixada permite labralo futuro!

Roberto: ¿E en que consiste este proxecto?

Sofía: Intercámbianse armas por productos útiles, máquinas de coser coas que se poderán confeccionar vestidos, ferramentas para reconstruír casas, traballa-la terra. Queremos empezar de novo.

¿Queredes representar este proxecto de desarmamento de Mozambique?

# ¿QUEN DESMINARÁ MOZAMBIQUE?

¡O DESMINADOR QUE O DESMINE, BO DESMINADOR SERÁ!

¿Sabedes o que é unha mina? No xornal máis importante do meu país, o Diario de Maputo, publicaron este artigo onde se informa moi ben deste obxecto tan perigoso e que tantos danos nos causou a moitas persoas. No meu país as minas son un grande problema e moitos sufrímo-las súas consecuencias...



INTERNACIONAL

24 de novembro de 2000

## ¿Que é unha mina?

Una mina é coma unha caixa que contén moitos explosivos e cando se pisa ou se toca explota.

## ¿De que están feitas?

De metal (que se poden detectar), de plástico e de madeira (que non se poden detectar).

### BREVES

**¿Que medidas ten unha mina?** Como unha lata de conservas.

**¿Para que se utilizan as minas?** Utilízanse para impedir que o inimigo entre en certas zonas; para illar territorios que interesa defender. Pero tamén teñen unha función de ataque: para facer dano ó inimigo, aínda que non distinguen entre adultos e nenos.

**¿Canto vale unha mina?** Entre as 250 pesetas e as 30.000 pesetas.

**E ¿canto vale desactivar unha mina?** De 35.000 a 120.000 pesetas.

**Consecuencias das minas:** persoas que perden brazos ou pernas; mortes; os campos son inseguros: non se pode xogar neles, nin sementar, nin levar rabaños, nin ir buscar auga ou leña; e os seus habitantes teñen que abandonar-las súas terras.

### Tipos de minas:

As minas contracarros, pensadas para estragar e avariar vehículos, especialmente de combate. As minas antipersoas, deseñadas para ferir ou matar persoas.

### ¿Cales poden se-las solucións?

O proceso de desminar é moi difícil porque:

- Non hai mapas que determinen as zonas minadas.
- Desmina-lo terreo vale moitísimo diñeiro e é moi perigoso.
- Ás veces, as mesmas empresas que se dedican a desminar á vez fabrican minas.
- Fábricanse máis minas nun ano das que se destrúen.

A solución do problema das minas pasa por ACABAR coa FABRICACIÓN e COMERCIALIZACIÓN. No ano 1992, ONG de todo o mundo iniciaron unha campaña internacional co obxectivo de conseguir a definitiva prohibición da fabricación, utilización, almacenamento, comercialización e exportación de todas as minas.



A partir deste artigo do xornal, contesta as seguintes preguntas:

¿Que é unha mina?

---

---

¿Por que as minas son tan perigosas?

---

---

¿Que comprarías co que vale unha mina?

---

---

¿Por que cres que se poñen minas?

---

---

¿Por que é tan difícil desminar un terreo?

---

---

¿Cal é a mellor solución para acabar coas minas? ¿Que che parece?

---

---

Atopámonos nunhas terras de alta montaña.

Nestas terras vive e traballa moita xente, viven caseiros, campesiños, pastores, forestais, etc. e tamén unha familia en especial, a propietaria das terras que nos últimos meses recibiu ofertas duns compradores que se propoñen urbaniza-la zona e construír un complexo residencial.

A oferta é moi tentadora, pero non todo o mundo está de acordo.





Situación:

*¡O grupo de compradores fixo unha OFERTA de 1.200 millóns polas terras e pola horta do señor Bieito!!!!!!!!!!!!*

*Ós traballadores ofrécenlles 2 millóns de pesetas para cada un para poder refacer-la súa vida. O sindicato aconselloulles ós traballadores que non apoiem a familia na venda porque é pouco diñeiro.*

*A situación é conflictiva...*


¿Venderase a horta do señor Bieito?



Unha vez finalizado o xogo, responde de as seguintes preguntas:

¿Que resultado acadastes? ¿Houbo acordo entre tódolos personaxes?





## TRABALIADORES DAS TERRAS

- CASEIROS:
  - ① Uxío
  - ② Branca
  - ③ Iago
- CAMPESIÑOS:
  - ④ Helena
  - ⑤ Brais
  - ⑥ Anxo
  - ⑦ Xulia
- PASTOR:
  - ⑧ Xurxo
- FORESTAL:
  - ⑨ Alba

## PROPIETARIOS DAS TERRAS

- AVÓ:
  - ⑩ Estevo
- MATRIMONIO:
  - ⑪ Carme
  - ⑫ Alexandre
- 2 FILLOS:
  - ⑬ Isabel
  - ⑭ Carlos

## COMPRADORES

- ⑮ Miguel
- ⑯ Ana
- ⑰ Anxo

## OBSERVADORES

- 5 observadores da situación en xeral.
- 1 observador fixo para cada grupo (traballadores do campo, familia e compradores).

**¿Cal dos personaxes queres representar?**



¿Como se acadou a solución?  
¿Todo o mundo actuou correctamente?



Con Sofía aprendemos que...



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

¿Que che parece que se podería facer para que nenos e nenas do mundo non tivesen que vivi-la situación que viviu Sofía?

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---